

Disposición transitoria cuarta. *Xestión orzamentaria correspondente ao exercicio 2008.*

Transitoriamente, durante o ano 2008, ao vixente orzamento da Confederación Hidrográfica do Norte aplícanse os ingresos e imputaranse os gastos que correspondan tanto á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil como á Confederación Hidrográfica do Cantábrico.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 930/1989, do 21 de xullo, polo que se constitúe o organismo de bacía Confederación Hidrográfica do Norte, salvo o previsto no artigo 4.2 deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos.*

O artigo 1 do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O número 1 queda redactado da seguinte forma:

«1.1 Confederación Hidrográfica do Cantábrico.

Comprende o ámbito territorial da zona terrestre da parte española da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico.»

Dous. Engádesse un novo número dous coa seguinte redacción:

«1.2 Confederación Hidrográfica do Miño-Sil

Comprende o ámbito territorial da zona terrestre da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.»

Tres. Os puntos 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 do citado artigo pasan a se numerar como puntos 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en funcionamento da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e da Confederación Hidrográfica do Cantábrico.*

A entrada en funcionamento da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e do Cantábrico producirase antes do 30 de xuño de 2008.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

O titular do Ministerio de Medio Ambiente ditará as disposicións e resolucións necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de febreiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

XEFATURA DO ESTADO

4892 *CORRECCIÓN de erros da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008. («BOE» 64, do 14-3-2008.)*

Advertidos erros na Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 34, do 28 de decembro de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Título III «Dos gastos de persoal», capítulo II «Dos réximes retributivos»,

Na páxina 4.271, artigo 32, número catro, punto 2, no cuarto parágrafo, onde di: «... As dos fiscais xefes da Fiscalía do Tribunal de Contas, da Secretaría Técnica e da Unidade de Apoio ...», e dos fiscais da Sala do Tribunal Supremo, nas seguintes contías:

Faltan as contías.

Debe dicir: «... As dos fiscais xefes da Fiscalía do Tribunal de Contas, da Secretaría Técnica e da Unidade de Apoio ...», e dos fiscais da Sala do Tribunal Supremo, nas seguintes contías:

	Euros
Soldo (a percibir en 14 mensualidades) ...	28.648,20
Outras remuneracións (a percibir en 12 mensualidades)	88.849,44
Total	117.497,64

Título VII, «Dos entes territoriais», capítulo I, «Corporacións locais»,

Na páxina 4.305, primeira columna, no número tres do artigo 85, onde di: « $PIE_{2007}^m = PFC_{2007}^m + PIRPF_{2007}^m + PIVE_{2007}^m + \sum PIIIEE(h)_{2007}^m$ », debe dicir: « $PIE_{2007}^m = PFC_{2007}^m + PIRPF_{2007}^m + PIVE_{2007}^m + \sum PIIIEE(h)_{2007}^m$ ».

Na páxina 4.306, segunda columna, no número un do artigo 88, onde di: « $ECIVE_m = 0,017897 \times RPIVE \times ICP_i \times (P_m/P_i) \times 0,95$ », debe dicir: « $ECIVE_m = 0,017897 \times RPIVE \times ICP_i \times (P_m/P_i) \times 0,95$ ».

Na páxina 4.306, segunda columna, no número un do artigo 89, onde di: « $ECIIIEE(h)_m = 0,020454 \times RPIIEE(h) \times ICP(h) \times (P_m/P_i) \times 0,95$ », debe dicir: « $ECIIIEE(h)_m = 0,020454 \times RPIIEE(h) \times ICP_i(h) \times (P_m/P_i) \times 0,95$ ».

Na páxina 4.307, primeira columna, no número un do artigo 90, onde di: « $ECIIIEE(k)_m = 0,020454 \times RPIIEE(k) \times IP_m(k) \times 0,95$ », debe dicir: « $ECIIIEE(k)_m = 0,020454 \times RPIIEE(k) \times IP_m(k) \times 0,95$ ».

Na páxina 4.308, primeira columna, no número tres.b).2 do artigo 93, onde di: « $Ef_m = \sum [a(RcO/RP_m)] \times P_i$ », debe dicir: « $Ef_m = [\sum a(RcO/RP_m)] \times P_i$ ».

Na páxina 4.308, segunda columna, primeira liña, número tres.b).2.B. do artigo 93, onde di: «A relación RcO/RP_m calcularase, para cada un dos tributos citados no parágrafo precedente e en relación a cada municipio, da seguinte maneira:...», debe dicir: «A relación RcO/RP_m calcularase, para cada un dos tributos citados no parágrafo precedente e en relación a cada municipio, da seguinte maneira:...».

Na páxina 4.308, segunda columna, no número tres.b)2.B.iv. do artigo 93, onde di: «A suma $\sum a(RcO/RP_m)$ multiplicarase polo factor P_i , sendo este a súa poboación...»,

debe dicir: «A suma $\sum(RcO/RP_m)$ multiplicarase polo factor P_i , sendo este a súa poboación...».

Na páxina 4.309, segunda columna, no número un do artigo 95, onde di: « $ECIRPF_p = 0,009936 \times CL_{2005}^p \times IA_{2008/2005} \times 0,95$ », debe dicir: « $ECIRPF_p = 0,009936 \times CL_{2005}^p \times IA_{2008/2005} \times 0,95$ ».

Na páxina 4.309, segunda columna, no número un do artigo 95, onde di: « CL_{200}^p : cota líquida do IRPF no ámbito da entidade provincial ou asimilada p no ano 2005, último coñecido.», debe dicir: « CL_{2005}^p : cota líquida do IRPF no ámbito da entidade provincial ou asimilada p no ano 2005, último coñecido.».

Na páxina 4.309, segunda columna, no número un do artigo 96, onde di: « $ECIVE_p = 0,010538 \times RPIVE \times ICP_i \times (P_p / P_i) \times 0,95$ », debe dicir: « $ECIVE_p = 0,010538 \times RPIVE \times ICP_i \times (P_p / P_i) \times 0,95$ ».

Na páxina 4.310, primeira columna, no número un do artigo 97, onde di: « $ECIIEE(h)_p = 0,012044 \times RPIIEE(h) \times ICP_i(h) \times (P_p / P_i) \times 0,95$ », debe dicir: « $ECIIEE(h)_p = 0,012044 \times RPIIEE(h) \times ICP_i(h) \times (P_p / P_i) \times 0,95$ ».

Na páxina 4.310, primeira columna, no número un do artigo 97, onde di: « $ICP_i(h)$: índice provisional de consumo da comunidade autónoma i á que pertence a provincia ou entidade asimilada p, elaborado,...», debe dicir: « $ICP_i(h)$: índice provisional de consumo da comunidade autónoma i á que pertence a provincia ou entidade asimilada p, elaborado,...».

Na páxina 4.310, segunda columna, no número un do artigo 98, onde di: « $ECIIEE(k)_p = 0,012044 \times RPIIEE(k) \times IP_p(k) \times 0,95$ », debe dicir: « $ECIIEE(k)_p = 0,012044 \times RPIIEE(k) \times IP_p(k) \times 0,95$ ».

Na páxina 4.310, segunda columna, no número un do artigo 98, onde di: « $ECIIEE(k)_p$: importe anual das entregas á conta da provincia ou ente asimilado p, en concepto de cesión da recadación do imposto especial k...», debe dicir: « $ECIIEE(k)_p$: importe anual das entregas á conta da provincia ou ente asimilado p, en concepto de cesión da recadación do imposto especial k...».

Na páxina 4.310, segunda columna, no número un do artigo 98, onde di: « $IP_p(k)$: índice provisional, para o ano 2008, referido á provincia ou ente asimilado p, de entregas de gasolinas,...», debe dicir: « $IP_p(k)$: índice provisional, para o ano 2008, referido á provincia ou ente asimilado p, de entregas de gasolinas,...».

Na páxina 4.311, ao inicio da primeira columna, no número un do artigo 101, onde di: «...asígnase, con cargo ao crédito «Transferencias ás deputacións e cabidos insulares. Entregas á conta ás deputacións e cabidos insulares» pola súa participación nos ingresos dos capítulos I e II do orzamento do Estado ...», debe dicir: «...asígnase, con cargo ao crédito transferencias ás deputacións e cabidos insulares. Entregas á conta ás deputacións e cabidos insulares pola súa participación nos ingresos dos capítulos I e II do orzamento do Estado ...».

Disposicións e anexos:

Na páxina 4.342, na disposición derradeira quinta, primeiro parágrafo, onde di: «... Lei 28/2006, do 16 de xullo, de axencias estatais...», debe dicir: «... Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais...».

Na páxina 4.352, anexo I, programa 231E, columna 5.^a: «Total»: onde di: «750.865,67», debe dicir: «750.765,67».

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5006

ORDE PRE/695/2008, do 7 de marzo, pola que se modifica o anexo II do Real decreto 569/1990, do 27 de abril, e os anexos I e II do Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polos que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe animal e vexetal, respectivamente. («BOE» 65, do 15-3-2008.)

Os límites máximos de residuos de praguicidas están regulados, para os produtos de orixe animal e vexetal, polo Real decreto 569/1990, do 27 de abril, relativo á fixación de contidos máximos de residuos de praguicidas sobre e nos produtos de orixe animal, e polo Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal, respectivamente. Así mesmo, de conformidade coas disposicións derradeiras primeiras de ambos os reais decretos, os anexos foron sucesivamente actualizados.

Os límites máximos de residuos de praguicidas foron modificados recentemente pola Directiva 2007/55/CE da Comisión, do 17 de setembro de 2007, pola que se modifican os anexos das directivas 76/895/CEE, 86/362/CEE, 86/363/CEE e 90/642/CEE do Consello no que respecta aos contidos máximos dos residuos de azinfos metil, a Directiva 2007/56/CE da Comisión, do 17 de setembro de 2007, pola que se modifican determinados anexos das directivas 86/362/CEE, 86/363/CEE e 90/642/CEE do Consello no relativo aos contidos máximos de residuos de azoxistrobina, clorotalonil, deltametrin, hexaclorobenceno, ioxinil, oxamil e quinoxifeno, pola Directiva 2007/57/CE da Comisión, do 17 de setembro de 2007, pola que se modifican determinados anexos das directivas 76/895/CEE, 86/362/CEE, 86/363/CEE e 90/642/CEE do Consello no que respecta aos contidos máximos de residuos de ditioicarbamatos e pola Directiva 2007/62/CE da Comisión, do 4 de outubro de 2007, que modifica algúns anexos das directivas 86/362/CEE e 90/642/CEE do Consello polo que se refire aos límites máximos de residuos de bifenazato, petoxamida, pirimetanil e rimsulfurona.

Esta orde incorpora ao ordenamento xurídico interno as directivas modificativas anteriormente citadas, para o cal se modifica o anexo II do Real decreto 569/1990, do 27 de abril, de conformidade coa súa disposición derradeira primeira e os anexos I e II do Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, conforme o establecido na súa disposición derradeira primeira.

A presente disposición foi sometida ao informe preceptivo da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

No procedemento de elaboración desta disposición foron consultadas as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados e as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación e do ministro de Sanidade e Consumo, dispoño:

Artigo 1. *Modificación do Real decreto 569/1990, do 27 de abril, relativo á fixación de contidos máximos de residuos de praguicidas sobre e nos produtos de orixe animal.*

O Real decreto 569/1990, do 27 de abril, relativo á fixación de contidos máximos de residuos de praguicidas sobre e nos produtos de orixe animal, queda modificado como segue: